

**ORDENANZA Nº35 REGULADORA DAS TARI-
FAS DO PREZO PÚBLICO POR ANUNCIOS
NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN MUNICI-
PAIS**

FUNDAMENTO E NATUREZA

Artigo 1

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 e 41 a 48 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o PREZO PÚBLICO POR ANUNCIOS NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN MUNICIPAIS.

CONCEPTO

Artigo 2

Serán obxecto das Tarifas contidas nesta Ordenanza as solicitudes de inserción de anuncios na revista municipal.

OBRIGADOS Ó PAGO

Artigo 3

Estarán obrigados ó pago das tarifas deste Prezo Público os que soliciten a inserción do anuncio.

CONTÍA E OBRIGA DE PAGO

Artigo 4

1. TARIFA:

ANUNCIO	€
Contraportada	901,52
Interior Portada	751,27
Interior Contraportada	691,16
Interior	601,01
Dobre páxina	1.081,82

A todas as Tarifas entenderase engadido o 16% en concepto de I.V.E.

2. DESCONTOS:

CONCEPTO	PORCENTAXE
4 / 5 insercións	10 %
6 / 7 insercións	15 %
8 / 9 insercións	20 %
10 insercións ou máis	25 %
Desconto de axencia	10 %

3. OBRIGA DE PAGO:

- A obriga de Pago xurde no momento de presentarse a correspondente solicitude de inserción de anuncios.
- A non inserción dun anuncio por causa non imputable ó solicitante dará lugar o dereito de devolución da totalidade ou da parte proporcional correspondente, segundo os casos.
- O desestimento ou renuncia á inserción do anuncio nos cinco primeiros días a contar do seguinte á solicitude e antes da inserción do anuncio/s dará lugar o dereito de devolución do 75% da cantidade ingresada. Transcorrido dito prazo e antes da inserción do anuncio a porcentaxe será do 50%.
O desestimento ou renuncia fóra dos supostos indicados non dará lugar ó dereito de solicitude de devolución.
- As solicitudes de devolución terán en todo caso carácter rogado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 31 de outubro de 2.002, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2.003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Fecha modificaciones anteriores:

Publicado BOP (establecemento): 21/06/2000

Fecha modificación actual:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002